

DECRETO

EXCMA. SRA. DONA LARA MÉNDEZ LÓPEZ, ALCALDESA PRESIDENTA DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO

ASUNTO: APROBACIÓN DE MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA MEDIANTE A MODALIDADE DE TRANSFERENCIA DE CRÉDITO DESTINADA A DAR COBERTURA AS OBRIGAS DE CARÁCTER ECONÓMICO DERIVADAS DA: "FESTIVIDADE DO ARDE LUCUS 2022".

Visto o expediente tramitado para modificar créditos mediante a modalidade de transferencia de crédito núm. 12-2022, por un importe total de 96.136,25 €, dentro do vixente orzamento desta Corporación de 2022, para dar cobertura as obrigas de carácter económico derivadas da: "Festividade do Arde Lucus 2022".

Vistos igualmente os documentos e informes que constan no expediente tramitado para o efecto, o informe da Intervención Xeral Municipal núm: 853/2022 de día 20.05.2022, así como RCMOD núm: 2022/34578 de día 19.05.2022, por importe total de 96.136,25 €.

En virtude do disposto nos artigos 179 a 181 do Real decreto legislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo cal apróbase o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais; artigos 40 a 45 do Real decreto 500/1990 de 20 de abril, Regulamento orzamentario; as Bases de execución do orzamento vixente prorrogado e sobre a base das atribucións conferidas a esta Alcaldía, en virtude do disposto no artigo 124.4 g) e ñ), da lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e demais normativa, **RESOLVO:**

Primeiro. Aprobar o actual expediente de modificación de créditos a través da modalidade de transferencia de crédito por un importe global de 96.136.25 € euros para dar cobertura a obrigas sinaladas na parte expositiva do presente decreto:

<u>APLICACIÓN ORZAMENTARI AS QUE CEDEN CRÉDITO</u>	<u>IMPORTE €</u>	<u>APLICACIÓN ORZAMENTARIAS QUE INCREMENTAN CRÉDITO</u>	<u>C.P.</u>	<u>IMPORTE €</u>
33700.21200	96.136,25 €	33802.22609	223380102	96.136,25 €
TOTAL CRÉDITO CEDIDO	96.136,25 €	TOTAL INCREMENTO DE CRÉDITO		96.136,25 €

Segundo. Sendo o expediente que se aproba firme e executivo sen máis trámites, polo que se deberán introducir na Contabilidade da Corporación os axustes derivados do mesmo.

Cúmprase.